

## O cromosoma dos Dereitos Humanos

62 anos despois da súa aprobación e proclamación, nunha histórica Asemblea Xeral de Nacións Unidas no ano 1948, o mundo suspende en Dereitos Humanos. Hoxe a noticia sería que un acusado fracaso escolar en Pedagogía Aplicada para os Dereitos Humanos delata o pulso vital dese vello e violento planeta Terra.

A fame, a precariedade laboral, o acoso, o maltrato, a violencia, a discriminación, a censura, a inxustiza, a escravitude, a tortura, a detención arbitraria, a persecución ideolóxica, o sexismo, a falta de liberdade, a pobreza, a negación da educación, do acceso á cultura, etc, etc, etc, son escuros vermes identificados como especies que se reproducen e medran con abafante facilidade e se resisten a engrosar a categoría de «en perigo de extinción».

Por veces, as cifras, coma un disparo, ábrennos un orificio na conciencia. Segundo datos da ONU, a metade da poboación mundial dispón, para sobrevivir, de menos de dous euros diarios, e 1.300 millóns exercitan a súa dramática supervivencia con menos dun euro diario. Non é de estrañar, daquela, que cinco millóns de nenos e nenas morran anualmente debido á fame e á desnutrición e que 20 millóns de lactantes padezan o risco de falecer ou sufrir minusvalías. Pero non remata aí. Hai 2.000 millóns de persoas que carecen de saneamento e de auga potable e 1.000 millóns que non teñen acceso a ela. E, en canto aos refuxiados, o pasado ano 2009 houbo, segundo o informe anual de ACNUR, 43'3 millóns de persoas identificadas con esa condición, é dicir, 1'3 millóns máis que no ano anterior. E, por se as cifras non abondasen, cada cinco minutos prodúcese no mundo unha morte violenta.

Pero, en calquera caso, as cifras non teñen ollos, nin sentimentos, nin mans que transparenten unha vea, nin suspiran ao erguerse co mencer, nin sofren, nin tampouco se abrazan. Nin sequera teñen nome. Só informan da magnitude do escándalo. Un escándalo de tales dimensións que sobre el pende unha lapidaria lei de silencio, non explícita, nunca escrita. Un escándalo do que ninguén se declara cómplice pero no que, en realidade, todos temos responsabilidades.

Ás vítimas, aos desherdados da terra, asístelles todo o dereito do mundo, cando menos, a acomodarse na nosa conciencia e, desde ese acubillo, coas súas voces desesperadas e agudas, removela, axitala e espabilala. Pero non buscan compaixón. Buscan xustiza. A compaixón, como advirte o xornalista Alfonso Armada, non avanza nas raíces da inxustiza e consagra o desastre como estado natural dalgúns territorios. E é que, como tamén dixo Eduardo Galeano, a pobreza non está escrita nos astros nin a miseria é o froito dun escuro designio de deus.

Xa que logo, as cifras poden cambiarse. É o *get up, stand up*, que cantaba Bob Marley contra o apartheid en Sudáfrica.

As cifras. As cifras nin sequera teñen nome nun mundo que, en 2010, volve fracasar nesa materia troncal chamada Dereitos Humanos.

¿Cantas veces ao día somos testemuñas dese fracaso?!

Os dereitos humanos naufragaron recentemente na ollada incrédula dun mozo que respondía ao nome de Baby Hamday Buyema, asasinado no Aaiún pola policía marroquina.

Os dereitos humanos esqueceron visitar unha nena chamada Violeta, que sobrevive en Matagalpa e padece a fame, a violencia e a pobreza.

Os dereitos humanos non chegaron a atopar ao irmán de Nafissatou, un senegalés que afogou no estreito de Xibraltar. Era un deses ilegais que cantaruxan, na voz de Manu Chao, «solo voy con mi pena, sola va mi condena».

E Karen e Romina, actualmente as miñas veciñas na vila de Gondomar, descoñecían que estaban protexidas polos dereitos humanos cando hai uns anos tiveron que abandonar o seu país, Uruguai, porque a situación alí se fixo insostible para a súa familia.

Nos ollos de Dyana, unha adolescente filipina, os dereitos humanos estouparon ata desintegrarse, desasistindo a súa curta e longuíssima vida de vítima de malos tratos, reiteradamente violada e obrigada a prostituírse nas rúas de Manila.

Pero non é unha cuestión de latitudes. O secuestro dos dereitos humanos vive día a día canda nós. Non hai máis que ler á escritora croata Slavenka Drakulic para asistir ás úlceras do espanto europeo. Non hai máis que lembrar a Montse Labrada, muller de 43 anos, vítima da violencia de xénero, asasinada hai uns meses en Lugo polo seu home, profesor de instituto. Ou ás persoas sen teito que aínda carecen de albergue en Vigo.

Tampouco Rasha, de doce anos, diana do fanatismo relixioso que non tolera que as mulleres poidan dedir de seu, coñecía o significado dos dereitos humanos cando lle aplicaron esa práctica mutiladora chamada ablación.

Claro que ás veces, con certo aturdimiento, negamos os dereitos en nome da liberdade, como lle pasou a Najwa Malha esa mociña á que se lle negou o acceso a un instituto de Pozuelo de Alarcón por levar, por decisión propia e exercendo a súa liberdade de criterio, un pano na cabeza.

É a confusión que nos provocan as novas sociedades globalizadas, multirraciais, multiétnicas, multiculturais, plurilingües. Pero a igualdade e a xustiza non existen se, primeiro, non se recoñece a diferenza.

Habítamos un mundo e unha época en que os problemas persoais, os problemas locais, os problemas de todos e cada un dos individuos e dos pobos son, cada vez máis, problemas do conxunto da humanidade e, por extensión, problemas de todos e cada un de nós.

¿Cara a onde camiñamos? ¿Unicamente cara a un mundo gobernado polas cifras? Pois esas mesmas cifras certifican que arredor de 350 persoas ingresan

anualmente nas súas arcas particulares a mesma cantidade de diñeiro coa que viven 2.700 millóns de seres humanos.

Hai escasamente uns días, Jean Ziegler, membro do comité consultivo do Consello de Dereitos Humanos da ONU denunciaba o abandono dos compromisos dos países máis ricos coa axuda aos países pobres e acusaba ás grandes empresas multinacionais de actuar desde o neocolonialismo financeiro, querendo impoñer o goberno das súas cifras.

O Programa Alimentario Mundial ten hoxe a metade de orzamento que hai uns anos. Pero, se as cifras pretenden gobernar o mundo, debemos transmitir que cada cinco segundos un neno menor de dez anos morre de fame. Son nenos sen dereitos. Sen cifras. Se cadra, a explicación é que o sistema financeiro mundial non acudiu nunca a un recital de poesía a escoitar a Mario Benedetti: *El sur también existe*.

Pero, se temos vontade, a poesía renacerá con ímpeto da crise financeira. Porque se somos capaces de crer no futuro, tamén seremos quen de construílo. Como John Lennon, asasinado hai trinta anos en Nova York, podemos imaxinar que non existe o ceo. Imaxinémoslo. É doado se o intentamos.

Se somos quen de crer nos Dereitos Humanos, seremos quen de respectalos. Non pode haber credo máis verdadeiro nin relixión máis universal.

E tamén hai que crer na utopía. Porque só se conseguen as cousas nas que se cre. E porque o respecto aos Dereitos Humanos, construídos a partir da palabra, asentán no individuo o cromosoma máis característico que identifica á nosa especie: a racionalidade.

FRAN ALONSO